



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
correo@carnota.gal
www.carnota.gal

Expediente núm.: 2021/X999/000108

Resolución de Alcaldía de número e data establecidos á marxe

Procedemento: Constitución de Bolsa de Traballo (Persoal Laboral Temporal)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO A CONVOCATORIA E AS BASES

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.
Providencia de Alcaldía	19/07/21
Informe de Secretaría	23/07/21
Bases que deben rexer a Convocatoria e o Proceso de Selección	23/07/21

Características das prazas para as que se constitúe a bolsa:

Denominación	Bolsa de traballo para a contratar persoal: un/a profesor/a de música na especialidade de linguaxe musical e música activa, música e movemento, coro e orquestra ORFF,
Réxime	Laboral temporal
Unidade/Área	Cultura
Categoría profesional	Persoal técnico
Titulación exixible	Titulo de Grao Profesional (Medio polo Plan66) de instrumento/Linguaxe Musical ou de Maxisterio Musical ou títulos superiores ou equivalentes Certificado de Lingua Galega Nivel 4 (Celga 4) ou equivalente.
Sistema selectivo	Concurso-oposición

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal que vai conformar a bolsa de emprego, e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as Bases reguladoras das probas selectivas para a provisión da praza vacante anteriormente referenciada.

SEGUNDO. Realizar a convocatoria mediante a publicación do anuncio da convocatoria no BOP e publicación das bases na sede electrónica e na web do concello www.carnota.gal

O alcalde

Dou fe. O secretario

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo con Código de Verificación Dixital (CVD) especificado ao marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

**BASES PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE CANTIDATOS/AS PARA POSTOS DE TRABALLO DE PARA A
CONTRATACIÓN DUN/HA PROFESOR/A DE MÚSICA DO CONCELLO DE CARNOTA
BASES DA CONVOCATORIA**

1. Obxecto

Selección de traballadores/as, mediante o sistema de concurso-oposición libre, co fin de crear unha listaxe para a provisión de postos de traballo dun/a profesor/a de música na especialidade de linguaxe musical e música activa, música e movemento, coro e orquestra ORFF,

2. Características do Posto ofertado

Denominación do posto de traballo: profesor/a de música	
Réxime	Contrato laboral temporal a tempo parcial
Unidade/Área	Cultura
Categoría profesional	Persoal técnico
Titulación esixible	Titulo de Grao Profesional (Medio polo Plan66) de instrumento/Linguaxe Musical ou de Maxisterio Musical ou títulos superiores ou equivalentes Certificado de Lingua Galega Nivel 4 (Celga 4) ou equivalente.
Sistema selectivo	Concurso-oposición
Núm. de Postos que se convocan	1
Funcións encomendadas	Realización das funcións propias da praza que serán as tarefas de impartición das asignaturas "orquestra Orff", "Canto", " Musica e movemento ", " Música activa ", e "linguaxe musical ".

3. Modalidade e condicións do contrato

Modalidade segundo regulación do RDLex 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)	Contrato de duración determinada
Duración	por un período que abrangue dende o inicio da contratación prevista para 01/10/2021 e ata o 30/06/2022.
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Xornada parcial
Xornada de traballo (horas semanais e prestación)	Segundo convenio
Horario de traballo	Segundo o cuadrante e necesidades do servizo.
Retribución bruta	As correspondentes ao grupo ao que pertence

4. Requisitos dos aspirantes

4.1. De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia)

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

4.2. De carácter específico.

<p>Título de Grao Profesional (Medio polo Plan66) de instrumento/Linguaxe Musical ou de Maxisterio Musical ou títulos superiores ou equivalentes</p> <p>Certificado de Lingua Galega Nivel 4 (Celga 4) ou equivalente.</p>
--

5. Publicidade.

As presentes Bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web oficial do Concello de Carnota. Darase maior difusión mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo, difundiranse mediante publicación na páxina web do concello e a súa exposición en devandito taboleiro.

6. Procedemento selectivo.

6.1. Documentación.

As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a solicitude debidamente cumprimentada, e nos modelos oficiais que se publica como Anexos I e II a estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello da Carnota, xunto coa seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.
- Titulación académica esixida.
- Celga4. Para as persoas que non presenten esta acreditación, farase unha proba escrita.
- Documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos). A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta pola Comisión de Selección nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Para facilitar a valoración dos méritos, acompañarase o anexo II debidamente cuberto.
- €€€€€€€€€€ Vida laboral.

CANDO A SOLICITUDE NON SE FAGA DIRECTAMENTE NO CONCELLO DE CARNOTA, DEBERÁ ANUNCIARSE A SÚA CHEGADA A TRAVÉS DO CORREO ELECTRÓNICO DO CONCELLO correo@carnota.gal antes da data límite de presentación de solicitudes, remitindo o anexo I debidamente cumprimentado e co selo de entrada no rexistro correspondente.

6.2. Prazo de presentación de instancias.

Cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincial.

6.3 Admisión.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión.

A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **dous días hábiles** para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios e na Páxina Web do Concello.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicarase nos lugares anteriormente expresados. No caso de producirse reclamacións, estas serán estudadas e dítarase resolución estimándoas ou desestimándoas. Dita resolución publicarase coa lista definitiva no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerarase defecto insubsanable e a Alcaldía resolverá a dita exclusión.

6.4. Órgano de selección

A composición da Comisión Técnica de Selección será nomeada por resolución da alcaldía e se axustará aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e terase en conta a normativa reguladora da igualdade entre homes e mulleres.

Os membros do órgano de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no que se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

6.5. Colaboradores.

A Comisión Técnica de Selección, en atención ao volume de traballo en relación coa urxencia do procedemento ou debido ás especificacións técnicas das probas establecidas poderá solicitar a asistencia de persoal colaborador entre os empregados do concello ou asesoramento especial, sen que neste caso sexa necesariamente persoal da propia entidade.

O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesmas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración.

6.6. Sistema de selección e puntuación.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de concurso-oposición.

Só se valorarán os méritos da fase de concurso de aqueles aspirantes que superasen a fase de oposición.

1º Fase de oposición.

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba eliminatoria e obrigatoria para os aspirantes.

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test de trinta (30) preguntas e catro (4) de reserva, con varias respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo II destas bases.

Puntuarase de 0 a 12 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de seis (6) puntos para a súa superación. Cada resposta correcta puntuará 0,40 puntos, descontando 0,10 puntos por cada resposta errónea, e non se contabilizarán as preguntas non contestadas.

O exercicio terá unha duración de 60 minutos.

2º Fase de concurso

A fase concurso consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo:

2.1.-EXPERIENCIA PROFESIONAL:

Por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e funcións ao emprego que se opta, ata un **máximo de 5 puntos**:

a) Por servizos prestados en calquera administración pública con menores e/ou familias con menores: 0,04 puntos/mes.

b) Por servizos prestados en empresas privadas con menores e/ou familias con menores 0,02 puntos/mes.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

A xustificación deste apartado farase:

- No caso de traballador por conta allea: coa presentación de copia cotexada de contratos de traballo e do Informe de Vida Laboral, proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional esixida nas presentes bases. Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración, ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- No caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización. De ser o caso,

contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

2.2.ACCIÓN FORMATIVAS

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de accións formativas será de 3,00 puntos.

Accións formativas específicas relacionadas co emprego a desenvolver.

a) Cursos de mais de 300 horas 0,60 puntos por curso.

b) Cursos de 101 horas a 300 horas 0,50 puntos por curso.

c) Cursos de 51 a 100 horas, 0,25 puntos por curso.

d) Cursos de 10 a 50 horas, 0,15 puntos por curso.

Neste apartado presentárase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado expedido pola organización responsable da acción formativa.

NOTA: Os cursos deben estar realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, e outros cursos homologados pola administración pública.

Proba de galego:

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles/as candidatos/as que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 4, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 4, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorárase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

6.7. Chamamentos.

Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluído quen non compareza, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada pola Comisión Técnica de Selección.

En calquera momento a Comisión de Selección poderá requirir aos/ás opositores/as para que acrediten a súa personalidade.

Os/as aspirantes deberán acudir provistos do DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

6.8. Valoración, relación de aprobados e proposta de resolución.

Unha vez realizadas as probas, publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota e na páxina web da Corporación os resultados acadados por orde de puntuación, e darase un prazo de dous días hábiles para que as persoas interesadas presenten alegacións no Rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Neste último caso, deberán adiantar por correo electrónico (correo@carnota.gal), o xustificante de ter presentado as alegacións dentro do prazo establecido.

Documento electrónico firmado digitalmente cuya integridad se garantiza mediante cotejo en la Sede Electrónica de este Organismo con Código de Verificación Digital (CVD) especificado al margen.
(artículo 42.b de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público)

Unha vez rematado o prazo anterior, o tribunal resolverá as alegacións presentadas e publicará, por orde de puntuación, a relación definitiva das persoas aprobadas que conformarán a listaxe, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota e na páxina web da Corporación, e elevará esta proposta ao alcalde do Concello de Carnota para a súa aprobación.

Esta listaxe terá unha vixencia de 2 anos dende a data da súa aprobación. Finalizada a súa vixencia, esta poderá ampliarse ata un máximo de 2 anos adicionais, por resolución da Alcaldía.

7. Procedemento para solicitar a cobertura temporal dos postos.

Producida a necesidade de cobertura temporal dun posto, o alcalde solicitará a presentación do/a candidato/a que corresponda, segundo a orde de prelación na lista.

O procedemento de chamamento das persoas integrantes da bolsa de emprego efectuarase dende os servizos municipais, notificándose a través do teléfono sinalado na solicitude. Para garantir a eficacia do procedemento, os/as interesados/as deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destes datos de contacto, para os efectos de chamamento.

Realizaranse dúas chamadas telefónicas entre as 9:00 e as 14.00 horas, deixando transcorrer un mínimo de dúas horas entre a primeira e a segunda chamada. Se a persoa interesada non atende as chamadas procederase ao chamamento da seguinte persoa da bolsa de emprego.

Os/as candidatos/as integrantes da bolsa están obrigados/as a comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado na solicitude de inscrición, en caso contrario, se non foran localizados daría lugar a perda do posto no lugar da lista que ocupaba, quedando relegado/a ao último lugar.

8. Suspensión de chamamentos.

a. Suspensión de oficio.

A aceptación dun chamamento para esta categoría ou especialidade suporá a suspensión dos chamamentos para outros ámbitos de actividade desta Administración.

b. Suspensión por solicitude do/a interesado/a.

Os/as integrantes das listas que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións, mediante unha solicitude formulada para tal efecto, conforme o modelo normalizado que figura como anexo III.

A dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos na citación da lista. Os seus efectos produciranse de forma inmediata dende a presentación da solicitude de suspensión no Rexistro Xeral do Concello. O tempo de duración da suspensión, por elección da/o interesada/o, será de seis ou doce meses, contados dende a data de efecto da suspensión.

Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta, as seguintes:

- a) Estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou Libro de Familia.
- b) Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.
- c) Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, acreditado por certificado de defunción ou certificado médico, respectivamente.
- d) Estar en situación de emprego activo, acreditado mediante contrato de traballo, certificado de empresa ou alta como autónomo/a.

Nestes supostos, o/a candidato/a permanecerá na mesma posición da lista como non dispoñible, ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta.

c. Número máximo de suspensións.

Establécese en 3 o número máximo de suspensións. A partir da terceira suspensión o/a candidato/a quedará excluído da listaxe.

9 .Situación da lista

a. Os/as integrantes da lista non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda nesta, de tal maneira que se a contratación ou nomeamento para a que foron chamados remata, retornarán ao posto que lles corresponda na lista por valoración curricular.

b. Os/as integrantes da lista que sexan convocados para facer efectiva a contratación ou o nomeamento e non se presenten, nin formalicen unha suspensión ou sexa imposible contactar con eles no teléfono facilitado, poderán ser excluídos da lista de oficio, previo informe do persoal técnico do departamento correspondente.

10. Normativa aplicable e réxime de recursos

A xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

O procedemento regularase polo previsto nas presentes bases e o non previsto nelas polo establecido nas seguintes disposicións:

-Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)

-Texto refundido da Lei do Estatuto Básico dos Traballadores.(RDL 2/2015)

-Lei 7/1985, de 2 do abril, reguladora das bases do réxime local.

-Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).

-Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

-Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

-RD 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da Administración do Estado.

Tanto a convocatoria como as bases e demais actos administrativos que se deriven poderán ser impugnados nos casos e nas formas previstos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

-Recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da publicación da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota.

-Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ou o Xulgado do domicilio do interesado (a elección deste) no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota; ou se se interpón recurso de reposición, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución do recurso.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./

D.^a

.., con DNI....., nado/-a(data nacemento), veciño/-a de....., con enderezo en.....

teléfono..... e con titulación académica;

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a creación DUNHA LISTAXE PARA POSTOS DE TRABALLO DE PROFESOR/A DE MÚSICA do Concello de Carnota, de conformidade coa convocatoria aprobada na Resolución do Alcalde e publicada no BOP de data _____.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas.

Que non está incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego. Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados que se relacionan no anexo II.

Por tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Carnota,..... de de 2021

Sinatura

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARNOTA

ANEXO II.MERITOS ALEGADOS PARA A VALORACIÓN

TITULACIÓN DE ACCESO AO POSTO DE TRABAJO SOLICITADO:

NOME:	ANO

2º TITULACIÓN

NOME	ANO

EXPERIENCIA PROFESIONAL

ENTIDADE	POSTO DESEMPEÑADO	DURACION MESES

FORMACION RELACIONADA CO POSTO DE TRABAJO

ANEXO III (TEMARIO)

Tema 1. A lectura musical: Evolución, lectura horizontal e vertical, a lectura intervállica sen clave, lectura a primeira vista e lectura articulada. Importancia da escritura musical: escritura melódica e escritura harmónica. As grafías non convencionais na lectura e escritura musical.

Tema 2. A voz e a súa fisioloxía. Respiración, relaxación e vocalización tanto na voz falada como na voz cantada. Clasificación e extensión das voces. A voz na infancia e na adolescencia. Características específicas e a súa problemática. Coidado da voz e influencias das alteracións físicas e psíquicas nela. A voz do profesor de linguaxe musical: coidado e mantemento.

Tema 3. Entoación, afinación e empaste. A entoación imitada e a entoación consciente. A articulación e o fraseo. Importancia da entoación acompañada e da entoación a capella.

Tema 4. Influencia da canción popular e a canción de autor no proceso educativo musical. O canon como recurso didáctico para a iniciación coral.

Tema 5. A audición. Didáctica da audición: técnicas e recursos utilizados para a audición de elementos rítmicos, melódicos, modulatorios, cadenciais, formais, tímbricos, estilísticos e outros.

Tema 6. O fenómeno físico harmónico. Calidades do son. A serie harmónica. As proporcións asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia.

Tema 7. Clasificación dos instrumentos musicais. Os instrumentos na aula de linguaxe musical. O corpo como instrumento.

Tema 8. O tempo musical. A determinación do tempo antes da súa expresión en termos. Os termos relativos e absolutos alusivos ao tempo.

Tema 9. Evolución do ritmo: métrica e modos rítmicos. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical. Orixe e evolución dos compases. A importancia do silencio.

Tema 10. O ritmo: A equivalencia e a súa implicación na rítmica. Valoración especial e grupos rítmicos irregulares. Polimetrías e polirritmias. Modificación da acentuación métrica. Música sen compás. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 11. A melodía. Simultaneidade de liñas melódicas. A importancia da melodía na linguaxe musical. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical. Os acordes: orixe, tipoloxías e funcionalidade. As cadencias: orixe, tipoloxías e funcionalidade.

Tema 12. A creatividade e o seu desenvolvemento. A creatividade aplicada a todos os aspectos do desenvolvemento instrumental: técnica, capacidade expresiva ou comunicativa, intelixencia musical e personalidade artística.

Tema 13. A memoria. A educación da memoria como base para a formación do oído interno e o seu desenvolvemento progresivo. Factores no uso da memoria. A memoria como elemento imprescindible nos diferentes aspectos que conforman a linguaxe musical. Técnicas de memorización.

Tema 14. A música como patrimonio histórico-artístico cultural. Responsabilidade do docente na súa valoración, preservación e transmisión ás actuais e ás futuras xeracións.

Tema 15. As tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao ensino e á aprendizaxe da linguaxe musical. Importancia da utilización de software musical e da selección dos recursos da internet.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE